XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

CONCELLO DE VIGO
Xerencia Municipal de Urbanismo

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Nome do plan: Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública estatal de Vigo
Promotor e Órgano substantivo: Concello de Vigo
Expediente: 2021AAE608
Código web: 2444/2021

Achégolle Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública estatal de Vigo, no concello de Vigo.

Os comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan pódense descargar na ligazón:

http://descargas.xunta.es/7d4165e8-22ce-4049-836b-3d42bb62a18d1638191989023

e corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
María Carmen Paz Cornes

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 02/12/2021 12:50:24
PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024
CVE: F3BI7gYh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
www.xunta.gal

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A LOCALIZACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA ESTATAL DE VIGO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Vigo
Expediente: 2021AAE2608

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Vigo dispón dun Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) aprobado definitivamente o 29.04.1993 por acordo do Consello da Xunta de Galicia. Este Plan recobrou a súa vixencia tras a Sentenza 4858/2015 do Tribunal Supremo que ditou a nulidade do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente mediante as Ordes do 16.05.2008 (de forma parcial) e do 13.07.2009 (de forma completa).
2. O 24.07.2019 o Pleno Municipal aprobou o Instrumento de ordenación provisional (IOP) do concello de Vigo (DOG nº160 do 26.08.2019).
3. O 07.10.2021 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca pública estatal de Vigo".
4. O 08.10.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).
3. A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024

CVE: 77pD7GVMb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan especial

Obxecto: regular as condicións urbanísticas para implantar unha biblioteca pública do Estado en Vigo, reforzando un espazo urbano con vocación dotacional que presta servizo á cidade.

Ámbito de actuación: dúas parcelas de titularidade municipal (referencias catastrais 1946936NG2714N0001MH e 1946937NG2714N0001OH), cunha superficie de 6.578 m², situadas na cidade de Vigo, no barrio de Coia e na contorna de Praza América. O ámbito linda polo norte e oeste co Camiño Chouzo e co barrio tradicional do mesmo nome.

Actualmente, os terreos do PEID están clasificados na categoría do solo urbano, dos cales 3.123 m² corresponden ao solo urbano consolidado -afectados polas ordenanzas 3.1.A e 4.5– e os restantes 3.455 m² forman parte do PERI II-08 Tomás A. Alonso.

Ámbito do plan especial

Alternativas e proposta:
No documento ambiental estratéxico estúdanse catro alternativas de ordenación do ámbito; a alternativa 0 -ou de non actuación- fronte a outras tres alternativas (1, 2 e 3) que se diferencian na localización da zona verde e da zona edificada. Xustifícase a selección da alternativa 3 argumentando unha maior adecuación á morfoloxía urbana e ao medio físico.

Ordenación proposta (alternativa 3)

PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024
CVE: 77pD7GVMb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do plan insírese no tramado urbano da cidade, nunha zona de transición entre a cidade consolidada e asentamentos de características rururbanas, na que se concentran diversos equipamentos (xulgados, delegación da Axencia Tributaria, colexios, instalacións deportivas,...).

A paisaxe urbana da Avenida Castelao é compacta e de ordenación lineal, con tipoloxías de bloque aberto e formas ortogonais. En contraste, a parte do barrio preexistente de Coia responde a tipoloxías e estruturas tradicionais, con residencias unifamiliares de baixo e B+1 e hortas asociadas. Na actualidade a maior parte da superficie do ámbito é utilizada como aparcamento espontáneo.

A proximidade da Praza de América confírelle ao ámbito unha boa conectividade, toda vez que a mesma é nodo de conexións da rede de transporte pública municipal, contando cunha ampla rede de liñas de transporte urbano que discorren pola súa contorna. Os aparcamentos existentes son, ademais dos dispoñibles nas vías e do provisional do propio ámbito, un aparcadoiro subterráneo na rúa da Coruña e outro en superficie entre os Xulgados e Facenda.

Nin no ámbito nin na súa contorna inmediata, totalmente antropizada e transformada urbanisticamente, existen espazos naturais de especial interese ou protexidos. Tampouco se detecta a existencia de bens do patrimonio cultural catalogados que poidan verse afectados. O único elemento de interese presente no ámbito é un muro tradicional duns 100 metros ao longo do Camiño do Chouzo.

O ámbito está incluído na área de ordenación do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o Borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

<u>Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo</u>

Informa que o plan especial axústase ao contemplado no artigo 183 do RLSG, pero lembra a necesidade de adaptar o seu contido a outras determinacións normativas do Regulamento e ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

CVE: 77pD7GVMb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024

Sinala que o ámbito sitúase na área continua de ordenación do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e non presenta incidencia no bordo litoral nin noutras áreas descontinuas de corredor ecolóxico ou espazos de interese. Os terreos incluídos en solo urbano consolidado quedan fóra do ámbito do POL e os que forman parte do solo urbano non consolidado están considerados aptos para o desenvolvemento urbanístico, formando parte como sistema de dotacións asociado. En consecuencia, conclúe que as determinacións do plan resultan compatibles cos criterios, principios e normas do POL.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que o plan non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona integrando elementos preexistentes de interese natural e cultural como son os muros tradicionais de pedra, procurando un deseño singular e particularizado á contorna, evitando formar barreiras visuais cara a costa e deseñando unhas zonas verdes en conexión coas existentes.

Fai constar que as análises da paisaxe do borrador e o documento ambiental estratéxico poden considerarse suficientes aos efectos do indicado no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, concluíndo que o plan non provocará un impacto paisaxístico significativo. Recomenda, en todo caso, consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* para a definición das condicións de urbanización, pavimentación, sinalización, etc.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Recomenda cartografar o muro tradicional da estrutura vernácula, así como os demais elementos que se poidan recoñecer de interese nun estudo específico, garantindo a súa integración na futura ordenación pormenorizada proposta.

A intervención deberá poñer en relación de xeito harmónico as distintas estruturas urbanas presentes tendo especial coidado con aquelas estruturas e elementos de interese.

Advertirase na Normativa que tanto o futuro inmoble adicado ao complexo bibliotecario como os bens mobles integrantes do Patrimonio Histórico Español nel custodiados quedarán sometidos ao réxime que a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español establece para os bens de interese cultural.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial preténdese ordenar e regular urbanisticamente a implantación dunha biblioteca pública do estado na cidade de Vigo.

O plan afecta a un ámbito territorial de reducida extensión (0,65 ha) e non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos previstos.

No solo urbano consolidado do ámbito non resultan aplicables as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral (artigo 3.2), mentres que os terreos incluídos no solo urbano non consolidado -por formar parte da área de ordenación do litoral- considéranse aptos para o desenvolvemento urbanístico (artigo 64 do POL).

A proposta pode incidir positivamente na paisaxe urbana da zona, favorecendo unha mellora da súa calidade escénica ao intervir nun ámbito de transición entre a cidade consolidada e o tramado rururbano do barrio de Coia ao tempo que completa un baleiro de edificación que actualmente constitúe un espazo degradado a efectos paisaxísticos.

CVE: 77pD7GVMb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024

Nin no ámbito nin na súa contorna próxima existen elementos naturais de interese ou protexidos que poidan verse afectados polo plan, polo que non se agardan efectos sobre o patrimonio natural. Tampouco se detectan afeccións ao patrimonio cultural, considerándose positiva a proposta de conservar e integrar na zona verde prevista o muro tradicional existente ao longo do Camiño do Chouzo.

Non é previsible que a proposta, inserida no tramado consolidado da cidade, con acceso aos servizos públicos municipais e sen cursos fluviais que podan verse afectados, vaia producir efectos sobre o ciclo hídrico. Tampouco se agardan efectos sobre a atmosfera ou o ciclo de materiais.

Á vista do exposto, non se agardan efectos ambientais significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública estatal de Vigo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública estatal de Vigo, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave), e remitirase ao Concello de Vigo xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 30/11/2021 09:53:29
Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 29/11/2021 17:35:26
Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 01/12/2021 17:53:55
CVE: 77pD7GVMb7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/10/2024

XUNTA DE GALICIA

Sistema de Interconexión de Registros

XUNTA DE GALICIA

Saída 3345 / RX 2141097

Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 02/12/2021 13:32:34

XUSTIFICANTE DE SAÍDA

Oficina: O00008852 - Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Número: 2021/2141097 **RI :** 2021/3345

Data e hora: 02/12/2021 13:32:34

Destino: Ayuntamiento de Vigo
O00011520 - Concello de Vigo Oficina Registro General Urbanismo
LA0002001 - Xerencia Municipal de Urbanismo

Información do rexistro

Asunto: AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A LOCALIZACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA ESTATAL DE VIGO (2021AAE2608)

Documentación que achega a persoa solicitante:

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA-256

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
2021AAE2608_XR_IAE_Concello_PEID_Biblioteca_Publica_Vigo.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	2ecf573d185f33c6736c021b88489155e7e606bf
2021AAE2608_IAE_PEID_Biblioteca_publica_Vigo.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	fcbfb46e02da1488e04db8828a2ba370c3ff0920

PEID para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (Expte. 18662/411) Aprobación definitiva na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do 30/09/2024 (punto 15 da acta da sesión). O Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data hora: 04/10/2024

CVE: XGREX-0687c85f-41a4-3f8c-a40b-84a8a1363123 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado por: SISTEMA ÚNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA Data e hora: 02/12/2021 13.37.32